

BIBLIOTECA


Libros para o día da muller traballadora



IES AGRA DE LEBORÍS. A LARACHA

ESTE LIBRO PÓDELO COLLER PRESTADO NA BIBLIOTECA


Seleccionado para o día da muller traballadora



Filla ilexítima dun rico home de negocios, Mariam críase coa súa nai nunha modesta vivenda nas aforas de Herat. Aos quince anos, a súa vida cambia drásticamente cando o seu pai envíaa a Kabul a casarse con Rashid, un osco zapateiro trinta anos maior ca ela. Case dúas décadas máis tarde, Rashid encontra nas rúas de Kabul a Laila, unha xoven de quince anos sen fogar. Cando o zapateiro lle ofrece a súa casa, que deberá compartir con Mariam, entre as dúas mulleres iniciase unha relación que acabará sendo tan profunda como a de dúas irmáns, tan forte como a de nai e filla. Pese á diferenza de idade e as distintas experiencias que a vida lles deparou, a necesidade de afrontar as terribles circunstancias que as rodean —tanto de portas adentro como na rúa, onde a violencia política asola o país—, fará que Mariam e Laila cren un vínculo indestructible que lles outorgará a forza necesaria para superar o medo e dar cabida á esperanza.

ESTE LIBRO PÓDELO COLLER PRESTADO NA BIBLIOTECA

Seleccionado para o día da muller traballadora




Historia narrada por tres mulleres que se rebelan contra a inxustiza, a orde social e os prexuízos de unha cidade pequena. Skeeter, vinte e dous anos, voltou a súa casa, en Jackson, no sur dos Estados Unidos, tras rematar os seus estudos na Universidade de Mississippi . Pero como estamos en 1962, súa nai non vai descansar mentres non vexa a filla con unha parcela na súa man

Aibileen é unha empregada negra. Despois de perder o seu propio fillo, que morreu mentres os seus supervisores brancos miraban para outro lado, sente que algo cambiou nela. Minny, a millor amiga de Aibileen, ten probablemente, a lingua máis longa de todo Mississippi. Cociña coma ninguén, pero non pode controlar as súas palabras, polo que perde un e outro emprego. Finalmente atopa o seu sitio cando comenza a traballar para un recién chegado á cidade que aínda non coñece a súa reputación.

A pesar do distintas que son entre sí, estas tres mulleres acabarán uníndose para levar a cabo un proxecto clandestino que suporá un risco para todas. Estas tres mulleres tecen xuntas un proxecto clandestino, implicando un risco para todas.

ESTE LIBRO PÓDELO COLLER PRESTADO NA BIBLIOTECA

Seleccionado para o día da muller traballadora




Estamos no século XIX en plena expedición ó Pacífico e coa polémica entre darwinismo e creacionismo. O coñecemento dunha flora e dunha fauna descoñecidas, os países exóticos, os perigos, o xogo amoroso, a navegación mariña e sobre todo a viaxe interior de Emilia, a protagonista que a leva a madurar ó longo da aventura e volver convertida nunha persoa diferente.

Unha novela baseada nunha historia real da última expedición ó Pacífico.

ESTE LIBRO PÓDELO COLLER PRESTADO NA BIBLIOTECA


Seleccionado para o día da muller traballadora



Plectrude nace no cárcere, orfa. Vai ser unha rapaza distinta, condicionada para sempre por esa circunstancia. Excepcional e problemática na escola, a súa obsesión é ser bailarina na Ópera de París. Cando está a piques de realizar o seu soño, a dura disciplina da danza lévaa á anorexia, crebando a súa vida.

ESTE LIBRO PÓDELO COLLER PRESTADO NA BIBLIOTECA

Seleccionado para o día da muller traballadora



Unha rapaza, dormida dunha maneira tan profunda e estrana que semella mergullada no sono da morte, é exhibida públicamente por un feirante sen escrúpulos. Entre a xente que vai a vela, alguén está disposto a todo para descubrir o misterio secreto da rapaza...

ESTE LIBRO PÓDELO COLLER PRESTADO NA BIBLIOTECA

Seleccionado para o día da muller traballadora




O tempo entre costuras é unha novela situada no Madrid da pre e post guerra civil. Narra as vicisitudes da filla dunha costureira do Madrid republicano, así como moitos aspectos relacionados coa vida política de aqueles momentos en España e no país veciño, Portugal.

A obra destaca especialmente polas coloristas descrições da vida no protectorado español de Marrocos durante a guerra civil. Trátase dun aspecto pouco coñecido da nosa historia . A autora xoga maxistralmente coa ficción e a realidade, elaborando un cadro costumista no que os persoaxes españois e estranxeiros parecen adquirir vida propia. A descripción das persoas de procedencia internacional, así como a descripción de bares e cafés recorda o ambiente da película Casablanca.

ESTE LIBRO PÓDELO COLLER PRESTADO NA BIBLIOTECA


Seleccionado para o día da muller traballadora



Léa Delmas, bela, xove e feliz no momento de declararse a segunda guerra mundial, que a sorprende en Montillac, a facenda do seu pai na campiña bordelesa, veráse pronto enfrontada a tódolos horrores do holocausto bélico: o caos, a derrota, o éxodo baixo os bombardeos, a morte... Pero tamén descubrirá o amor e a paixón, o primeiro hacia Laurent d'Argilat (que é o home doutra), e a segunda en brazos de Francois Tavernier, persoaxe contradictorio que desperta en Léa sentimentos opostos de atracción e odio.

ESTE LIBRO PÓDELO COLLER PRESTADO NA BIBLIOTECA


Seleccionado para o día da muller traballadora



Estamos en 1942 en Holanda e os alemáns invaden o país. O pobo xudeo está atemorizado polo futuro e a familia Frank decide agocharse. Empezan as aventuras e desditas da nosa protagonista, que debe ocultarse dos seus inimigos. A loita pola supervivencia desta nena alemá é un exemplo de resistencia e de integridade.

ESTA PELÍCULA PÓDELA COLLER PRESTADA NA BIBLIOTECA


Seleccionada para o día da muller traballadora



Indonesia, 1965. Un inexperto reportero australiano intenta informar da intensa actualidade do país, inmerso nunha sanguenta guerra civil, mentras vive unha apaixonada historia de amor cunha diplomática británica

ESTA PELÍCULA PÓDELA COLLER PRESTADA NA BIBLIOTECA

Seleccionada para o día da muller traballadora



Frankie Dunn adestrou a boxeadores toda unha vida. Na actualidade dirixe un vello ximnasio co seu único amigo Scrap, un veterano ex-boxeador.

Maggie, unha rapaza disposta a loitar duro polo soño de ser boxeadora e saír da miseria, pidelle a Frankie que a adestre. Acepta sen moito convencemento. Mentres Maggie gana combates ambos descubren que comparten un espírito común.

Xuntos afrontaran unha batalla que vai requirir moito máis corazón e coraxe que ningunha outra á que se afrontaran xamais

ESTA PELÍCULA PÓDELA COLLER PRESTADA NA BIBLIOTECA

Seleccionada para o día da muller traballadora



Eliane naceu en Indochina. Nunca estivo en Francia . Seu pai, obtivo a concesión de grandes extensións nas que plantou árbores de caucho.

Eliane ten a vida organizada: a plantación, o látex, a seu pai, o poder e a ausencia de paixón. Eliane aprendeu a vivir sen amor. Está tamén a súa filla adoptiva de 16 anos cuxos país faleceron nun accidente.

O Partido Comunista Vietnamita acaba de fundarse e a situación socio-política está a punto de estalar.

Jean-Baptiste Le Guen acaba de desembarcar en Saigón, un xove oficial da Marina que, ó seu pesar, enfrontará a Eliane e a Camile aos seus destinos.